



DE RIBEIRA Á POBRA


Unha costa de amplas praias e recunchos rochosos con encanto

Adela Leiro, Mon Daporta
gosto 2018



Distancia: 15 km (lineal)

Dificultade: baixa



Propoñemos, desta volta, un percorrido por dous tramos da costa de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, na banda norte da Ría de Arousa, con orientación ao sur e ao abrigo da serra do Barbanza; para gozar de fermosas paisaxes, espazos de enorme interese natural (dunas, pequenos cantís e rochedos) e, se o tempo o permite, refrescarse cun baño nalgunha das praias de máis sonda da ría. Coa marea baixa pódese facer nunha grande parte polas praias e rochedos.

PERCORRIDO

Comezamos a camiñada no **porto de Ribeira** e xa atopamos o longo **areal de Coroso**. No seu remate, un camiño acondicionado percorre a **punta Lucías**, que ten en fronte a **illa de Coroso**, lévanos á **praia do río Azor** e logo á **punta do Aguiuncho**. Entre a punta do Aguiuncho e a **punta das Grades** atópanse varias praias mínimas abrigadas entre grandes bolos de granito. Desde a punta das Grades descubrimos a **illa das Cabras** e despois de dobrala subimos á estrada da Insuela que beirea a **praia da Insuela** e vai a Palmeira pola que temos que seguir porque entre a praia da Insuela e o porto de Palmeira atópase a **punta do Casqueiro**, un terreo elevado que impide continuar pola beira do mar ao que si podemos volver a achegarnos despois de pasala baixando por un carreiro entre as casas á **praia da Cambra**, pasar dela á **praia das Gaivotiñas** e logo por unha rúa interior chegamos ao porto no que hai un fermoso miradoiro sobre o espazo portuario, que conserva en grande parte a súa estrutura antiga, e a contorna. Desde o **porto de Palmeira** e seguindo o paseo da beira da estrada entramos na **praia da Corna**, moi urbanizada, coas casa ocupando case toda a liña da costa, no tramo pertencente ao concello de Ribeira aínda que despois de cruzar o **río do Esteirón**, que marca a linde entre os concellos, entramos nunha praia que aínda conserva en bo estado o seu sistema dunar e a flora asociada. A praia remata na **punta da Corna** un cantil desgastado que se prolonga polas **touzas da Corna**. Desde a punta da Corna chegamos por un carreiro á **praia da Laxe (Illa)**, que se acolle entre ela e a **punta da Ínsua** e ao abrigo da **ínsua da Rúa**. Ao dobrar a punta da Ínsua temos diante as dúas praias de máis sona, e as dotadas con máis servizos, da Pobra, a da **Lombiña** e a da **Barca** máis coñecidas como as **praias de Cabío**. Despois delas e por un camiño acondicionado que beirea o camping, imos gañando altura para achegarnos á **punta de Cabío**, miradoiro sobre a ría e a illa da Arousa, e rematarmos ao pé do campo de fútbol desde onde podemos ir ata a Pobra pola beira da estrada ou seguir un pouco máis pola beira do mar baixando ás **praias de Fonte da Pedra, Agronovo** (nudista) e **Niñeirños** ou **Ladiña**, de pouco interese, que case come o mar cando sube, ata chegar á **punta dos Castriños**. Desde este punto ata a **punta do Convento** é complicado seguir pola beira porque é unha zona de cantil de pouco interese e que ten os valos na beira da auga o que fai case imposible seguir a non ser coa marea moi baixa. Na punta da praia Ladiña hai un camiño que sube ata a estrada e despois de camiñar un pouco por ela atopamos un desvío polo que baixamos ao pé da igrexa do Xobre e volvemos á beira da auga, na **desembocadura do río Morto**, a un paseo acondicionado que pola **frecha do Areal** nos leva ao centro da localidade da **Pobra do Caramiñal**. A volta podémola facer en autobús ou taxi.




Areal de Coroso con Ribeira ao fondo



Illa de Coroso



Praia do río Azor



Punta do Aguiuncho

Punta das Grades




Illa das Cabras



Praia da Insuela




Praia da Cambra e punta do Casqueiro




Palmeiras: Praia do Baluarte e das Gaivotiñas



Porto de Palmeira



Illa Tixosa



Praia da Corna



Río do Esteirón



Punta da Corna



Praia da Laxe ou da Illa



Punta da Ínsua e praia da Lombiña (Cabío)



Praia e punta da Barca (Cabío)



Ínsua da Rúa.



Punta de Cabío, miradoiro sobre a ría e a illa da Arousa




Praias de Fonte da Pedra, Agronovo (nudista) e Niñeiríños ou Ladiña,





Desembocadura do río Morto, e frecha do Areal



A Pobra do Caramiñal



A Pobra do Caramiñal desde o miradoiro da Curotiña